

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*Bases xerais que regularán as convocatorias de procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021*

#### PONTEDEUME

Bases xerais que regulan as convocatorias de procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público extraordinaria.

#### ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía de data 27 de decembro de 2022, aprobáronse as bases xerais que regulan as convocatorias de procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal no Concello de Pontevedra, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021.

### **BASES XERAIS QUE REGULARÁN AS CONVOCATORIAS DE PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021**

#### PRIMEIRA.– PREVISIÓN LEGAL EXPRESA.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 132, do 29 de decembro de 2021), en vigor desde o 30 de decembro de 2021, aborda importantes reformas estruturais no ámbito do emprego público co obxectivo da redución da temporalidade. Así, adicionalmente aos procesos de estabilización que regularon os artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos estean contempladas nas distintas Administracións Públicas, e estando dotadas presupuestariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

O sistema de selección previsto expresamente neste suposto é o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate podendo non ser eliminatorios os exercicios na fase de oposición, no marco da negociación colectiva establecida no art. 37.1 c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Así mesmo, a disposición adicional sexta prevé que as Administracións Públicas convoquen, con carácter excepcional polo sistema de concurso, conforme ao previsto no artigo 61.6 e 7 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da nova Lei, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais.

Con esta disposición adicional dáse amparo normativo ao concepto xurisprudencial de interinidade de longa duración superior a cinco anos, que polo seu carácter de normativa básica resulta de aplicación ao conxunto das Administracións Públicas e garante a igualdade en todo o territorio.

Conforme á disposición adicional oitava, adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

Os procesos de estabilización que se convoquen ao amparo da citada Lei garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, podendo articularse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes administracións no desenvolvemento dos mesmos.

Entre as condicións que, de acordo con a xurisprudencia constitucional, han de darse para que non caiba apreciar infracción algunha do principio de igualdade de acceso a cargos e empregos públicos do artigo 23.2 da Constitución atópanse, en primeiro lugar, que se trate dunha situación excepcional; segunda, que só se acuda a este tipo de procedementos por unha soa vez, pois doutro xeito perderíase a súa condición de remedio excepcional e terceiro, que dita posibilidade estea prevista nunha norma con rango legal (STC 12/1999, do 11 de febreiro de 1999).

A Sentenza do Tribunal Supremo do 24 de xuño de 2019 (rec. 1776/2016) dá validez nun plan de estabilización a unha puntuación superior dos servizos prestados na propia administración.

Segundo a devandita sentenza, non parece arbitrario puntuar de forma distinta a experiencia, segundo adquiriuse na mesma administración á que pertence a praza ou noutro posto, xa que podendo haber puntos en común, non se trata do mesmo contexto organizativo nin funcional, e non coinciden as competencias e funcións nin a normativa para aplicar, por tanto mediando esas diferenzas non é irrazonable que tamén difira a puntuación.

Por outra banda, o Acordo sobre o desenvolvemento dos procesos de estabilización do Emprego Temporal entre a Administración Xeral do Estado e as organizacións sindicais, do 11 de decembro de 2019, recolle que na fase de concurso estableceranse criterios de valoración que teñan en conta, preferentemente, os servizos prestados na Administración convocante, así como a realización de tarefas nos ámbitos funcionais nos que se require unha maior especialización.

#### SEGUNDA.-CONTIDO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Estas bases xerais teñen por obxecto regular as convocatorias para cubrir as prazas de traballo vacantes nos cadros de persoal funcionario e persoal laboral fixo do Concello de Pontedeume relativas ao proceso de estabilización de emprego temporal, de conformidade co disposto no artigo 2 e nas disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

As especialidades de cada proceso selectivo, natureza e características dos postos, requisitos de titulación, exercicios e programas serán obxecto de regulación nas bases específicas de cada convocatoria.

#### TERCEIRA.- PRAZAS A CONVOCAR.

As prazas vacantes que rexerán estas bases xerais son as previstas na oferta de emprego público extraordinaria de estabilización do emprego temporal, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de abril de 2022.

Previamente á publicación de cada convocatoria, informarase á persoa traballadora afectada polo proceso de estabilización de que se vai convocar a praza que ocupa e de que pode participar no referido proceso de selección.

O número de prazas vacantes, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

1- Prazas de postos de persoal funcionario en referencia á convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, ocupadas por empregados públicos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. (Disposición adicional 6ª, Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público).

**PERSOAL FUNCIONARIO:**

Código RPT	POSTO	GR/CD	Número de prazas	Escala	Sistema acceso
03.00.00.02.02	Arquitecto/a Técnico/a	A2/24	1	Administración Especial	Concurso
06.00.00.01.01	Técnico/a Medio en Servizos Sociais	A2/26	1	Administración Especial	Concurso
02.00.00.03.05	Administrativo/a -Informático/a	B-C1	1	Administración Xeral	Concurso
01.00.00.03.05	Auxiliar Administrativo/a Área de administración xeral	C2/16	1	Administración Xeral	Concurso
02.00.00.03.07	Auxiliar Administrativo/a Área económico financeira	C2/16	1	Administración Xeral	Concurso
04.00.00.03.11	Auxiliar Administrativo/a policía	C2/16	1	Administración especial	Concurso
06.00.00.03.02	Auxiliar Administrativo/a servizos sociais	C2/16	1	Administración Especial	Concurso
03.00.00.03.05	Auxiliar de policía urbanístico	C2/16	1	Administración Especial	Concurso
05.03.00.02.16	Sepultureiro/a	AP/12	1	Administración Especial	Concurso

**PERSOAL LABORAL:**

Código RPT	Denominación	GR/CD	Múmero de prazas	Sistema de acceso
05.05.01.02.20	Conductor/a sección Recollida de lixo da Unidade de limpeza da Área de obras e servizos públicos.	IV /14	1	Concurso
05.05.02.03.29	Varredor/a Sección de limpeza de Vías públicas da unidade de limpeza da Área de obras e servizos públicos	V/12	1	Concurso
05.05.01.02.18	Encargado/a punto limpo/a	IV/16	1	Concurso
05.05.03.03.32 05.05.03.03.33	Limpador/a da Sección de limpeza de edificios públicos da Unidade de limpeza da área de obras e servizos públicos.	V/12	2	Concurso
06.01.00.02.03	Psicólogo/a da Unidade de integración e inserción social da Área de servizos sociais.	I/22	1	Concurso
06.01.00.03.04	Asistente Social da Unidade de Integración e Inserción social da Área de servizos sociais.	II/20	1	Concurso
06.02.00.02.05	Animador/a Social da Unidade de dinamización social da Área de servizos sociais.	II/20	1	Concurso
06.03.00.02.07	Educador/a Social da Unidade de apoio familiar da Área de servizos sociais.	II/20	1	Concurso
06.03.00.03.10 06.03.00.03.11 06.03.00.03.12 06.03.00.03.14 06.03.00.03.15	Auxiliar de fogar da Unidade de apoio familiar da Área de servizos sociais.	V/12	5	Concurso
01.00.00.02.07	Normalizador/a lingüístico/a da Área de administración xeral e réxime Interno.	II/20	1	Concurso
07.00.00.03.03	Conserxe-Conductor da Área de formación e emprego e desenvolvemento local.	IV/14	1	Concurso
05.02.00.02.13	Xardineiro da Unidade de parques e xardíns da Área de obras e servizos públicos.	IV/14	1	Concurso

2.- Prazas vacantes de natureza estrutural, de postos de persoal Laboral en referencia á convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, ocupadas por empregados públicos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. (Disposición adicional 8ª, Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público).

**PERSOAL LABORAL:**

POSTO	GR/CD	Número de prazas	Sistema acceso
Axente de emprego e desenvolvemento local	II/20	1	Concurso
Animador deportivo	II/16	1	Concurso
Animador cultural.	II/16	1	Concurso
Auxiliar policía local	IV/16	1	Concurso

3.- Prazas vacantes de natureza estrutural, de postos de persoal laboral en referencia á convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, ocupadas por empregado público nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020, isto é, antes do 31 de decembro de 2017 e ata o 1 de xaneiro de 2016. (Artigo nº 2.1 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.).

#### PERSOAL LABORAL

Código RPT	POSTO	GR/CD	Número de prazas	Sistema acceso
05.01.00.03.07	Condutor/a Unidade de obras da Área de obras e servizos públicos.	IV/14	1	Concurso-oposición

#### CUARTA.– REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

1. Con carácter xeral, para seren admitidas na realización destas probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de ingreso:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións e tarefas habituais da praza ou posto a estabilizar.

e) Non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario e categoría de persoal laboral, no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitada ou inhabilitado, ou en situación equivalente nin ser sometida ou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza a estabilizar, ou superior, que se concretará nas bases específicas. As persoas aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, que en ningún caso computará como mérito e que se realizará para os efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo de estabilización para aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. A proba de coñecemento de lingua galega realizarase, unha vez finalizado o concurso de méritos ou finalizado o concurso-oposición, a aquelas persoas aspirantes propostas para a obtención de praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección e a seguinte coa puntuación máis alta será proposta para a obtención da praza.

g) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

2. Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos na data do seu nomeamento.

#### QUINTA.– SISTEMAS DE SELECCIÓN.

1. Os sistemas de selección para acceder ás distintas prazas serán:

- O de concurso, en aplicación do disposto na disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, segundo se determina na Oferta de Emprego Extraordinaria de estabilización, aprobada pola Xunta de Goberno.

- O de concurso-oposición, en aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, segundo se determina na Oferta de Emprego Extraordinaria de estabilización, aprobada pola Xunta de Goberno.

#### SEXTA.– SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

1. As solicitudes para tomar parte no proceso presentaranse no rexistro xeral do Concello de Pontedeume ou a través da sede electrónica do Concello: (<https://pontedeume.sedelectronica.gal>). As ditas solicitudes tamén se poderán presentar por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (ou aqueloutras previsións normativas concordantes e/ou substitutivas deste artigo).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso as persoas aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico ([correo@pontedeume.gal](mailto:correo@pontedeume.gal)), Fax (981433368) durante o mesmo prazo que o de pre-

sentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. En caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

As solicitudes subscritas por persoas españolas no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que lles remitarán seguidamente ao organismo competente.

2. O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado.

3. Xunto coa instancia debidamente asinada solicitando participar no proceso deberá presentarse a seguinte documentación na orde que se indica

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito.

b) Título do nivel de coñecemento da lingua galega que se determine nas bases específicas.

c) Titulación esixida para cada praza segundo se determine nas bases específicas.

d) Outros requisitos, de ser o caso, segundo se determine nas bases específicas.

e) Relación de méritos alegados para a súa valoración mediante copia compulsada dos documentos que sirvan de proba para a súa xustificación. Os méritos deberán achegarse debidamente numerados e diferenciados por apartados (experiencia profesional, titulacións académicas, cursos de formación, outros méritos). Non serán valorados os méritos non documentados nin xustificadas no prazo e forma anteriormente mencionados sen prexuízo de que o órgano de selección poida solicitar a ampliación da documentación se considera que un mérito non se encontra correctamente acreditado. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmentemente dentro do prazo de presentación de instancias.

f) No caso de méritos relativos a experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que se prestaran os servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados, que deberá especificar os departamentos e funcións dos postos desempeñados. Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

As persoas aspirantes que prestan servizos no Concello de Pontedeume non terán que presentar ningunha documentación relativa a estes servizos, dado que constan no seu expediente persoal. Esta circunstancia indicárase no apartado correspondente da instancia.

g) Certificado/Informe de vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social

h) Coa presentación de instancias entenderase que as persoas aspirantes aceptan e acatan as bases xerais e específicas das convocatorias.

4. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

5. Para ser admitida ou admitido nas probas selectivas correspondentes, as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

6. As bases específicas incluírán o modelo de solicitude.

7. Cota de reserva por discapacidade:

As convocatorias das probas selectivas incluírán, no seu caso, unha reserva de praza/s para seren cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de modo que progresivamente se consiga o dous por cento dos efectivos totais.

A opción ás prazas reservadas haberá de formularse na solicitude de participación no proceso selectivo; de non indicalo así expresamente, entenderase que non se opta por esta reserva. Formulada a dita solicitude, unicamente se poderá presentar por esta quenda; a contravención desta norma determinará a exclusión da persoa aspirante.

As prazas reservadas para persoas con discapacidade que queden desertas non se poderán acumular á quenda ordinaria de acceso.

SÉTIMA.– ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

1. Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentar as solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, especificando, de ser o caso, os motivos

de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

No caso de que non existan defectos para emendar, a listaxe provisional de persoas admitidas considerárase definitiva para todos os efectos.

2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

3. Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a listaxe definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta notificación ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

4. O feito de figurar incluída na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

#### OITAVA.– TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. As persoas membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, así como artigo 60 do TREBEP.

2. Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidenta/e, secretaria/o e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. A súa composición será predominantemente técnica e as persoas integrantes deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para a que se precise titulación igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

4. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, o persoal funcionario interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual.

5. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose as mencionadas persoas asesoras a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Antes de que teña lugar o comezo das probas, publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Corporación a resolución pola que se nomean as persoas membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

7. As persoas membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á presidenta ou presidente, cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar as persoas membros do tribunal cando conorra nelas algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta das persoas membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

9. A partir da sesión de constitución de cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta das persoas membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na LRXSP e ás bases xerais e ás específicas reguladoras de cada convocatoria.

10. En caso de ausencia da presidenta ou presidente titular e da presidenta ou presidente suplente actuará no seu lugar a persoa vogal designada en primeira orde.

11. - Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo.



## NOVENA.– COMEZO DO PROCESO SELECTIVO.

1. A data e a hora na que deberá constituírse cada tribunal serán determinados pola Alcaldía mediante resolución, así como a composición do mesmo, que se publicará a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e no Taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Pontedeume polo menos con 10 días de antelación.

2. Na fase de concurso o tribunal deberá reunirse previamente co fin de efectuar a valoración e a cualificación dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

3. Na fase de oposición o tribunal deberá reunirse previamente con fin de elaborar o exame ou concretar a proba a realizar polas persoas aspirantes.

## DÉCIMA.– PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN

1. Procesos selectivos derivados das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego publico.

O sistema selectivo será o de concurso., que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes. Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas..

No caso de méritos relativos a experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que se prestaran os servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados, que deberá especificar os departamentos e funcións dos postos desempeñados. Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social.

As persoas aspirantes que prestan servizos no Concello de Pontedeume, non terán que presentar ningunha documentación relativa a estes servizos, dado que constan no seu expediente persoal. Esta circunstancia indicárase no apartado correspondente da instancia.

A valoración dos méritos profesionais non poderá supor máis do 60% da puntuación máxima nin os méritos de formación menos dun 40%.

1.1. Experiencia profesional. Suporá o 60% da puntuación total. Valorarase ata un máximo de 60 puntos.

a) Servizos prestados con carácter temporal como persoal laboral ou funcionario interino no corpo, escala, categoría ou equivalente do Concello de Pontedeume ao que desexa acceder: 0,6 puntos por mes completo.

b) Servizos prestados con carácter temporal como persoal laboral ou funcionario interino en calquera corpo, escala, categoría ou equivalente adscritos ao Concello de Pontedeume: 0,5 puntos por mes completo.

c) Servizos prestados con carácter temporal como persoal laboral ou funcionario interino en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras administracións públicas. 0,2 puntos por mes completo.

d) Servizos prestados con carácter temporal como persoal laboral ou funcionario interino no resto do sector público: 0,05 puntos por mes completo.

Valoraranse igualmente os servizos prestados como persoal laboral temporal nos corpos, escalas e categorías ou equivalentes correspondentes e laboral indefinido non fixo por sentenza.

1.2. Formación. Suporá o 40% da puntuación total. A puntuación máxima no apartado de formación non académica e académica será de 40 puntos.

a) Formación non académica:

Cursos convocados, realizados, impartidos ou homologados polas Administracións Públicas; e outros cursos homologados cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto desta convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados con prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención á cidadanía, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

A puntuación máxima neste apartado é de 40 puntos. Valorarase a razón de 0,8 puntos a hora.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha materia, aínda que se teña repetido a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorarán os cursos pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

b) Formación académica:

Titulacións superiores á requirida para o acceso e relacionadas coa praza: 1 punto.

A puntuación máxima neste apartado é de 40 puntos.

2. Procesos selectivos derivados do artigo 2º da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O sistema selectivo será o de concurso–oposición. A puntuación máxima será de 100 puntos.

### 2.1. Fase de concurso

Terá unha valoración dun 40% da puntuación total. A puntuación máxima será de 40 puntos. Consistirá na valoración dos seguintes méritos obxectivos que deberán xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas.

No caso de méritos relativos a experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que se prestaran os servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados, que deberá especificar os departamentos e funcións dos postos desempeñados. Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social.

As persoas aspirantes ou prestan servizos no Concello de Pontedeume, non terán que presentar ningunha documentación relativa a estes servizos, dado que constan no seu expediente persoal. Esta circunstancia indicárase no apartado correspondente da instancia.

2.1.1. Experiencia profesional. Suporá o 90% da puntuación da fase de concurso. Valorarase ata un máximo de 36 puntos.

a) Servizos prestados con carácter temporal como persoal laboral ou funcionario interino no corpo, escala, categoría ou equivalente do Concello de Pontedeume ao que se desexa acceder: 0,6 puntos por mes completo.

b) Servizos prestados con carácter temporal como persoal laboral ou funcionario interino noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes adscritos ao Concello de Pontedeume: 0,5 por mes completo.

c) Servizos prestados con carácter temporal como persoal laboral ou funcionario interino en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras administracións públicas: 0,2 puntos por mes completo.

d) Servizos prestados con carácter temporal como persoal laboral ou funcionario interino no resto do sector público: 0,05 por mes completo.

Valorarase igualmente os servizos prestados como persoal laboral temporal nos corpos, escalas, categorías ou equivalentes correspondentes e laboral indefinido non fixo por sentenza.

2.1.2 Formación. Suporá o 10% da fase de concurso. A puntuación máxima no apartado de formación será de 4 puntos.

#### a) Formación non académica:

Cursos convocados, realizados, impartidos ou homologados polas Administracións Públicas; e outros cursos homologados cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto desta convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados con prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención á cidadanía, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

Valorarase a razón de 0,08 puntos a hora. A puntuación máxima neste apartado é de 4 puntos.

En todos os casos valorarase unha soa vez os cursos relativos a unha materia, aínda que se teña repetido a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorarán os cursos pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

#### b) Formación académica:

Titulacións superiores á requirida para o acceso e relacionadas coa praza: 0,1 puntos. A puntuación máxima neste apartado é de 4 puntos.

### 2.2. Fase de oposición

Terá unha valoración dun 60% da puntuación total. A puntuación máxima será de 60 puntos.

Constará dun único exercicio dividido en dúas partes:

2.2.1. Primeira parte. Acreditará os coñecementos teóricos necesarios para o desempeño das funcións e versará sobre materias propias do acceso ao corpo, escala, categoría ou equivalente correspondente. O exercicio será en formato test e cada pregunta disporá de tres respostas alternativas, puntuando soamente as preguntas contestadas correctamente.



Esta primeira parte suporá o 20% da puntuación desta fase. A puntuación máxima será de 12 puntos.

De forma expresa, e aos para os efectos dos procesos de estabilización de emprego temporal no ámbito local, estes rexeranse polo disposto no artigo 2 desta Lei. Non será de aplicación, por tanto, a estes procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

Tendo en conta o anterior e tendo en conta as convocatorias de promoción interna, o número de temas dos programas para cada un dos grupos serán:

A1- 30, A2- 25, B-20, C1-15, C2-10, AP-5

O contido concreto das probas a realizar e das materias esixidas determinarase na convocatoria correspondente.

2.2.2. Segunda parte. De carácter práctico que acredite a capacidade para o desempeño das funcións propias do corpo, escala, categoría ou equivalente ao que quere acceder. Consistirá un suposto práctico relacionado coas funcións da praza convocada.

Esta segunda parte suporá un 80% da puntuación desta fase. A puntuación máxima será de 48 puntos.

As dúas partes do exercicio non serán eliminatorias e fixarase unha puntuación mínima conxunta do 25% para superar a fase de oposición.

O número de aprobados na fase de oposición será o das persoas que superen a mesma, aínda cando esta cifra exceda do número de prazas a cubrir.

Resultarán aprobadas as persoas que superando a puntuación mínima da fase de oposición obteñan maior puntuación na suma da fase de concurso e oposición.

DÉCIMO PRIMEIRA.– CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

1. Á cualificación obtida polas persoas aspirantes no concurso será a cualificación final do proceso selectivo.

2. Determinada a cualificación final das persoas aspirantes o tribunal fará pública a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación no taboleiro de anuncios e na páxina web da corporación.

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4. Criterios de desempate.

a) Para os procesos selectivos derivados das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego publico (sistema selectivo concurso), o desempate axustarase aos seguintes criterios por orde de prelación:

1º. Antigüidade na praza ou posto á que se refire a convocatoria.

2º. Estar ocupando no Concello de Pontedeume unha praza ou posto de distinto corpo, escala, categoría ou equivalente que a convocada no Concello de Pontedeume

3º. Estar ocupando unha das prazas ou postos do mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente que a convocada no Concello de Pontedeume.

4º Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.

5º. Maior idade.

6º. De verificarse no corpo, escala, ou categoría infrarrepresentación do sexo feminino terá prioridade a muller salvo se, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos sexos, existen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

7º. De manterse o empate aplicando os criterios anteriores, acudirase ao sorteo.

b) Para os procesos selectivos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego publico (sistema selectivo concurso-oposición) o desempate axustarase aos seguintes criterios por orde de prelación:

1º. Antigüidade na praza ou posto á que se refire a convocatoria.

2º. Estar ocupando unha praza ou posto de distinto corpo, escala, categoría ou equivalente que a convocada no Concello de Pontedeume

3°. Estar ocupando unha das prazas ou postos do mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente que a convocada no Concello de Pontedeume.

4° Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas

5°. Puntuación da fase de oposición.

6ª. De verificarse no corpo, escala ou categoría infrarrepresentación do sexo feminino terá prioridade a muller salvo se, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos sexos, existen motivos non discriminatorios para preferir o home.

7°. De manterse o empate aplicando os criterios anteriores, acudirase ao sorteo

DÉCIMO SEGUNDA.– BOLSAS.

As persoas que non superen o proceso selectivo incluíranse en bolsas de persoal funcionario interino ou de persoal laboral temporal específicas ou ben integraranse en bolsas xa existentes. Nas ditas bolsas integranse as persoas candidatas que, tendo participado no proceso selectivo correspondente, e non tendo superado este, si obtivesen unha puntuación que as convocatorias consideren suficientes (disposición adicional 4º da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público). Determinaranse nas convocatorias específicas as puntuacións que se entendan suficientes.

DÉCIMO TERCEIRA: RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.

As persoas aspirantes que resulten seleccionadas quedarán sometidas ao réxime de incompatibilidades vixente e non poderán compaxinar o desempeño do seu posto de traballo con calquera outros postos, prazas, cargos ou empregos públicos remunerados.

DÉCIMO CUARTA.– ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DAS PERSOAS PROPOSTAS PARA O NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN.

1. A relación de aprobados, que se publicará nos taboleiros de anuncios do Concello de Pontedeume, e só a efectos informativos, na páxina web municipal.

2. As persoas aspirantes propostas achegarán, dentro do prazo de 20 días naturais, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

a) Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.

b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.

c) Certificado médico actualizado –considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses–, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de discapacidade deberá achegarse e tamén o certificado acreditativo correspondente.

d) Declaración xurada de non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

e) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

f) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.

g) Documento acreditativo de conta bancaria.

h) Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo debidamente compulsado.

3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, non poderá ser nomeado/a como persoal funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

DÉCIMO QUINTA.– NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

1. Concluído o proceso selectivo, as persoas aspirantes aprobadas, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán nomeadas persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial do Estado, sen prexuízo da súa toma de posesión ou formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

3. A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento; de non facelo nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes. No caso de persoal laboral fixo procederase á formalización do preceptivo contrato de traballo no prazo indicado.

#### DÉCIMO SEXTA.– CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

Estas bases xerais vincularán o Concello de Pontedeume, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocadas a través das bases específicas de cada proceso selectivo.

#### DÉCIMO SÉTIMA.– INCIDENCIAS.

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### DÉCIMO OITAVA.– RÉXIME XURÍDICO.

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nestas bases xerais e as específicas de cada unha das convocatorias e, no non previsto nestas, polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; pola Lei 2/2015, do 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia; polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos do 134 ao 137 ); polo Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local; polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo, no que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo Real decreto 364/95, no que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

#### DÉCIMO NOVENA.– DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases xerais e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A Administración tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na LPACAP.

Pontedeume, 27 de decembro de 2022

O Alcalde en funcións

José Simoes Couceiro.

2022/8434